

UD1: Zootecnia. Bases da produción animal. Etnoloxía.

1. Introducción.

En primeiro lugar debemos afondar nunha serie de conceptos básicos. Comezaremos pola etimoloxía da palabra Zootecnia, que deriva de dúas voces gregas ZOON = ANIMAL, TECHNIA = ARTE, TÉCNICA, é dicir, **arte ou técnica da cría animal**.

O gran impulsor da zootecnia como ciencia (BAUDEMONT), definiuna en 1848 do seguinte xeito: **“A ciencia que ten por obxecto estudar os procedementos que permiten obter dos animais a mellor utilidade e o rendemento máis elevado”**.

Dende esa definición diversos estudos propuxeron outras, pero no ano 1965 na reunión de expertos da FAO, celebrada en Copenhague, o termo ZOOTÉCNICA aplícase á **“ciencia da cría, sanidade e hixiene animal, ou ben ciencia da produción e sanidade animal”**.

Outro termo de significado equivalente a “zootecnia” é **“produción animal”**, definida por Buxadé Carbó, como:

“Unha ciencia aplicada que inclúe o conxunto de coñecementos biolóxicos, de técnicas para a produción e dos sistemas de produción que se aplican co obxecto de obter a maior cantidade de produtos útiles ou necesarios para o home (carne, ovos, leite, la, coiros...) da maior calidade, cunha relación de custos adecuada á realidade dos mercados, mediante unha xestión apropiada, que inclúe a preservación do medio ambiente, o benestar dos animais implicados e a saúde dos consumidores”.

Falando dun xeito sinxelo: a produción animal encárgase do estudo dos animais para que podamos optimizar a produción coa fin de abastecer os mercados e respectando o medio ambiente; trátase de coñecer as características dos animais (necesidades nutritivas, comportamento, parámetros de confort...) para que despois podamos optimizar os seus rendementos a nivel explotación ou granxa.

En toda produción animal debemos ter presente:

- **A seguridade alimentaria:** consiste no acceso seguro e permanente dos fogares a alimentos suficientes en cantidade e calidade. O concepto abarca os dous compoñentes. Cando falamos da dispoñibilidade de alimentos suficientes en cantidade tamén debemos pensar en que estes alimentos deben ser a prezos razoables, é dicir, que sexan accesibles para o consumidor. Por outra banda, estes alimentos deben estar libres de substancias nocivas para a saúde. Os produtos finais producidos polos agricultores/gandeiros deben cumprir unha normativa de calidade.
- **A trazabilidade:** significa que debemos ter identificado e rexistrado dende o seu orixe ate o seu destino final. Ex.: cando compramos un filete de tenreira galega sabemos en que granxa se produciu, con que se alimentou ese animal, nome do criador, matadoiro onde se sacrificou o animal, peso do animal...., é dicir, temos toda a información sobre ese animal “**da granxa á mesa**”.
- **A sustentabilidade:** a produción de calquera tipo de animal debe ser economicamente rendible e debe respectar a integridade do medio ambiente, pensando nas xeracións futuras. As axudas que reciben os agricultores e gandeiros de moitos sectores están condicionadas a que cumpran unha serie de requisitos medioambientais.

A produción animal apóiase sobre catro pilares fundamentais:

1. **Xenética:** consiste na elección da raza e na mellora da mesma.
2. **Alimentación:** Nin que dicir ten que debemos subministrar alimentos aos animais para que o seu desenvolvemento sexa o máis axeitado. Cunha alimentación adecuada garantimos unha boa reprodución e melloramos o estado sanitario.
3. **Manexo:** Entendendo como manexo todo o sistema de cría do gando. Abarca as instalacións, o trato cos animais, a forma de subministrarlles os alimentos,...
4. **Sanidade:** debemos de ter o gando en bo estado sanitario para obter un gran rendemento (cárnico, leiteiro, lanar,...).

Etnoloxía

A etnoloxía é a ciencia que se encarga do estudo das razas.

A raza é un grupo de animais da mesma especie que presenta características morfolóxicas e produtivas semellantes ao ser explotados nas mesmas condicións ecolóxicas e ambientais (alimentación, aloxamentos e manexo).

Os individuos dunha raza parécense máis entre si que os demais individuos da mesma especie e os caracteres físicos e produtivos que definen a raza son transmitidos á súa descendencia.

 Ex.: diferenza entre unha vaca Frisona e unha Rubia Galega. Ambas pertencen á mesma especie (Bos Taurus) pero cada unha ten as súas particularidades.

Definición de Raza por parte da FAO: **“grupo subespecífico de animais domésticos con características externas definidas e identificables que lle permiten, por apreciación visual, ser diferenciado de outros grupos definidos da mesma especie”.**

RAZAS AUTÓCTONAS DE GALICIA:

<https://www.youtube.com/watch?v=Wiilcs-F6jY&list=PLzIPHD1eGcXzpyzBB7czPCQmtebGhpd8T&index=10&t=789s>

https://www.lavozdeg Galicia.es/video/galicia/2018/05/17/autentica-rubia-gallega/0031_2018055786053184001.htm